



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Ferrol para que se leven a cabo con urxencia todas as medidas previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Expediente: F.11.Q/7380/22

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención D<sup>a</sup>. XXX.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que desde 2017 ven reclamando no Concello de Ferrol que se cumpla a lei de prevención de incendios pola proximidade dun monte á súa vivenda. Quéixase pola lentitude dos procedementos, facendo constar que nunha ocasión obrigouse á limpeza a un veciño pero deixou os restos vexetais e de madeira na parcela.

Urxe a actaación do concello polo tempo transcorrido e o perigo da súa propiedade polo risco de incendios e caída de árbores, tras cinco anos reclamando a resolución do problema.

No informe achegado polo concello, elaborado pola xefa de Negociado de Medio Ambiente o día 9/12/2022, indícase que as baixas de persoal técnico non cubertas durante longos períodos de tempo e a asunción dun maior número de competencias pola área de Medio Ambiente durante os últimos anos fixeron que o volume de traballo técnico existente no servizo non fose asumible cos medios técnicos cos que se contaba.

Co fin de poder actualizar e poñer ao día os expedientes relativos ao incumprimento do disposto na Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os incendios forestais de Galicia e Lei 2/2016 do Solo de Galicia, con data 13/04/2021 contratouse unha asistencia técnica de apoio ao Negociado de Medio Ambiente para a realización dos traballos de campo e de gabinete de cara á elaboración de informes técnicos. Estes traballos que se levaron a cabo durante 10 meses, remataron en febreiro de este ano 2022 coa inspección de 2.623 parcelas, e 1.358 informes emitidos.

No caso da queixa formulada por vostede, no contorno da súa vivenda esta empresa realizou un total de 11 informes de incumprimento da normativa de prevención de incendios relativos ás seguintes parcelas: Polígono XX, parcelas XXXXX.

O informe remata sinalando que *“este traballo continúa actualmente coa tramitación administrativa dos expedientes, que se realiza dende o servizo de medio ambiente do Concello, coas limitacións derivadas do elevadísimo volume de expedientes que se seguen neste servizo, onde ademais se asumen servizos esenciais de prestación obrigatoria”*.

### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

-A Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia establece no seu apartado Terceiro as competencias dos concellos e da Administración xeral da Comunidade Autónoma en materia de vixilancia do cumprimento polas persoas responsables das súas obrigas e execución forzosa.

1. No ámbito de aplicación desta instrución, corresponde aos concellos a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das seguintes obrigas:

a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º. Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2º. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

b) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros

arredor das novas instalacións destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade inmediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

No apartado Cuarto regúlanse as competencias sancionadoras, consonte o establecido polo artigo 54 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. As competencias para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución corresponden aos concellos nos supostos de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e de retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa e arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, sempre que se atopen en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural.

Nun recente ditame do Consello Consultivo de Galicia de decembro de 2022 salientase o risco que supón para un concello non actuar no sentido indicado pola lei. O Consello Consultivo ratifica que os concellos están obrigados a executar a limpeza de fincas se é necesario e que esta obrigado a facer cumprir este mandato legal xustificando a existencia "dun risco xeneralizado de lume", enviándolle á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembre a súa obrigación, que deberá levar a cabo nun prazo máximo de 15 días naturais.

O incumprimento deste deber legal non pode ampararse na falta de recursos persoais ou materiais nun expediente que leva aberto desde 2017 e no que o propio concello recoñece que no contorno da vivenda da persoa que promoveu este expediente de queixa a empresa coa que se contratou unha asistencia técnica realizou un total de 11 informes de incumprimento da normativa de prevención de incendios relativos ás seguintes parcelas: Polígono XX, parcelas XXX, XXX, XXX, XXX, XXX, XXX, XXX, XXX, XXX, XXX, XXX.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que por parte do Concello de Ferrol se leven a cabo con urxencia todas as medidas previstas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para obrigar aos propietarios das parcelas ás que se refire esta queixa a que procedan á xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición



adicional terceira da Lei, e, de selo caso, se exerciten as competencias municipais para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta norma.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo